



**ÓRGANO COLEXIADO: Pleno Corporativo.**

**Nº DE SESIÓN: 3/2018**

**CARÁCTER: Ordinario**

### **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO**

Resolución da Presidencia do órgano colexiado mais arriba mencionado, pola que se convoca sesión de carácter ordinaria.

De acordo co disposto no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o art. 80 do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento, Organización e Réxime xurídico das Entidades Locais, esta alcaldía, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Convocar á Sesión Ordinaria do Pleno Corporativo a celebrar o **día 22 de marzo ás 20:00 horas**, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o quórum esixido na primeira, no Salón de Sesións da Casa do Concello, a fin de resolver os puntos incluídos na seguinte:

#### **ORDE DO DÍA**

##### **A) Parte resolutiva:**

1º.- Aprobación, se procede, de borrador da acta da sesión anterior ordinaria nº 2, do 22 de febreiro de 2018.

2º.- Expediente 313/2018. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal relativa a delegación na Administración Xeral da Comunidade Autonoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso á categoría de "Policía" da escala básica do Corpo de Policía Local.

3º.- Expediente 263/2018. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de aprobación inicial do Orzamento Xeral para o ano 2018.

4º.- Expediente 82/2018. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de denegar á Comunidade de Propietarios Calvo Sotelo, nº 25, bonificación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por obras de conservación en inmovible sito na rúa Calvo Sotelo, nº 25.

5º.- Expediente 311/2018. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de recoñecemento da Bonificación do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (declaración de especial interese ou utilidade municipal das construcións, instalacións ou obras) a Dona Josefa Castiñeira Ramírez por obras de reparación en inmovible sito na rúa San Telmo, nº 47.

6º.- Expediente 364/2018. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e

---

**Concello de Tui**

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



Persoal de recoñecemento da Bonificación do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (declaración de especial interese ou utilidade municipal das construcións, instalacións ou obras) a Don Manuel Vicente Fernández Rodríguez por obras de reparación de muro en finca sito na Travesía de San Bartolomé.

7º.- Ditame da Comisión Informativa de Honores e Distincións de nomeamento de pregoeiro para as Festas de San Telmo 2018.

8º.- Mocións de Urgencia.

**B).- Actividade de control:**

9º.- Dación de conta de escrito de incorporación do concelleiro José Prada Alvarez ao grupo municipal do Partido Popular (RE 1598 de 28/02/2018).

10º.- Dación de conta da modificación da composición das Comisións Informativas, de acordo co escrito presentado polo voceiro do grupo político municipal Partido Popular (RE nº 1605 de 28/02/2018).

11º.- Disposicións de interese.

12º.- Dación de conta das resolucións de Alcaldía dende o nº 2018-0178 de 19/02/2018 ata o nº 2018-0274 de 16/03/2018.

13º.- Dación de conta do Plan Orzamentario a medio prazo período 2019-2021. elaborado ao abeiro do disposto no artigo 29 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

**C).- Rogos e preguntas:**

14º.- Rogos e preguntas.

**SEGUNDO.**-Notificar a presente Resolución aos concelleiros advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do citado RD 2568/1986, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

**TERCEIRO.**-Que pola Secretaría municipal se poña a disposición dos Concelleiros a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando a convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, no seu caso.



Mándoo e asínoo en Tui, O alcalde en funcións, Antonio Castro Negro.  
Documento asinado dixitalmente á marxe.